

ACTA RESOLUCIÓN ALEGACIONES CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN OFICIAL DE PRIMEIRA ALBANEL, UN PEÓN ALBANEL E DOUS PEÓNS DE LIMPEZA A XORNADA COMPLETA DENTRO DO PEL-CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA INCLUIDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL.

Nº EXPEDIENTE: 2024/E001/000002

Constitúese o Tribunal de selección conforme á composición determinada no Salón de Plenos da Casa do Concello o 09/05/2024 ás 09:00 horas para proceder á revisión e resolución das alegacións presentadas.

Asisten:

Presidenta: D^a. María Dolores Cores Liste (Administrativa de intervención)
Secretaria: D^a. Gloria María Blanco Villares (Auxiliar notificadora)
Vogais: D. Javier Santos González (Administrativo Servizos Xerais)
D: Manuel Suárez Bermúdez (Arquitecto municipal)

A Secretaria do Tribunal da conta da presentación das seguintes alegacións que xa foron remitidas con antelación a todos os membros do Tribunal para o seu estudo:

-Alegacións presentadas con data 06/05/2024 ((20240000000970) por D. Carlos Balsa Freire.

A continuación o Tribunal de selección procede ao análise dos puntos expostos no escrito do interesado, coas seguintes apreciacións:

Punto 1. *“Solicito que se valoren para el puesto de 1 oficial albanel y peón albanel los cursos:
-Curso de albañilería de 675 horas, expedido por la Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Dirección Xeral de Formación y Empleo. Xunta de Galicia.
-Curso de interpretación de planos de 60 horas, expedido por la Fundación Laboral de la Construcción. Curso Estatal financiado por el Fondo Social Europeo.
Ya que me capacitan para desempeñar funciones de trabajo relacionadas con el puesto de un oficial albañil y peón.
Que también tengan a buena fe valorar los otros cursos porque aunque no puntuen sí son méritos relacionados con el trabajo desempeñado en los tres años que llevo contratado como oficial de primera albañil en el Concello de Oroso.
Trabajos como podas, desbroces, fumigación de malas hierbas y muchos otros más de mantenimientos de instalaciones del Concello.”*

Considera o Tribunal que os mencionados cursos non deben ser tidos en conta, tal e como sinala a Base novena, punto 2, que literalmente di:

“Por cada programa de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas relacionados co posto de traballo a desempeñar que se corresponda cun nivel ou categoría profesional igual ou superior ao do posto convocado: 0,5 puntos por programa realizado. Deberá acreditar mediante certificado da Administración Pública no cal se indique o programa realizado que habilita para a obtención do certificado de profesionalidade.

Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean considerados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.”

Os dous cursos que menciona o interesado non veñen acompañados do correspondente certificado que indique que habilitan para a obtención do certificado de profesionalidade polo cal non cumpren os requisitos esixidos nas Bases da presente convocatoria.

Punto 2. *“Presento también mi Fe de vida laboral que justifica experiencia en el puesto de trabajo desde 1997 en empresas de construcción en puesto de peón, oficial de segunda, oficial de primera capataz y encargado”*

Con respecto á experiencia laboral, a mesma non é obxecto de valoración por non estar recollido nas Bases que rexen a presente convocatoria de selección de persoal, tal e como indica a Base novena no seu punto 2: *“Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean considerados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.”*

Punto 3. *“Y que también tengan en cuenta que la persona con nombre: J. A. C. C. lleva ya contratada más de 24 meses seguidos en los Planes PEL y llega al máximo de tiempo contratado por el Plan PEL”*

Con respecto a este punto aclarar que o Tribunal cualificador do proceso selectivo constitúese para a valoración das probas e méritos dos aspirantes, non entrando en outros aspectos que non teñan relación con iso.

-Alegacións presentadas con data 08/05/2024 ((20240000001018) por D. Carlos Balsa Freire.

A continuación o Tribunal procede ao análise dos puntos expostos no escrito do interesado, coas seguintes apreciacións:

Punto 1. *“ Que después de ver el Acta de corrección de errores de la Convocatoria para la selección de un oficial de primera albañil y un peón albañil del día 8 de mayo de 2024 publicada por el Ayuntamiento de Oroso en el Tablón de Anuncios. Se ha cometido un error clarísimo al publicar las notas poniéndome un 7 en lugar de un 8.”*

O Tribunal, unha vez publicada a Acta de baremación, aprecia un erro na transcripción das puntuacións de varios aspirantes, que non coinciden coa Acta do primeiro exercicio e procede á publicación dunha corrección de erros o 08/05/2024, amparado no disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común que literalmente di:

“As Administraciones Públicas podrán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Punto 2. *“Aún no se ha valorado la instancia presentada por mí en el Registro del Concello de Oroso del 6 de mayo de 2024 reclamando se consideren los cursos que presento como méritos”*

Posto que nas Bases que rexen a convocatoria para selección dun oficial de primeira albanel, 1 peón albanel e dous peóns de limpeza a xornada completa dentro do PEL-Concellos 2024 da Deputación Provincial da Coruña non se especifica un prazo para

resolver e contestar alegacións, será de aplicación o establecido no artigo 21 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, que dí:

“2. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento.

Este prazo non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou veña así previsto no Dereito da Unión Europea.

3. Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses. Este prazo e os previstos no apartado anterior contarase:

a) Nos procedementos iniciados de oficio, dende a data do acordo de iniciación.

b) Nos iniciados a solicitude do interesado, desde a data en que a solicitude tivera entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación”

Punto 3. *“Pido una explicación...debido a que en la misma prueba del año pasado para la convocatoria del mismo puesto de trabajo los resultados fueron:*

Carlos Balsa Freire: 8 puntos

J.A.C.C: 6 puntos

Y no hubo ningún error”

Acorda o Tribunal non ter en conta o punto 3 por carecer de fundamento ao, quedar suficientemente xustificadas as puntuacións nas Observacións da Acta da primeira proba publicada o 30/04/2024 no Taboleiro de anuncios do Concello de Oroso e por facer referencia a un proceso selectivo xa rematado que non garda relación coa convocatoria actual.

Polo tanto, o Tribunal de selección por unanimidade dos membros asistentes con dereito a voto, acorda a desestimación das citadas alegacións polos motivos expostos.

Non sendo estimadas ningunha das alegacións presentadas, mantéñense sen variación as puntuacións da Fase de concurso inicialmente outorgadas polo Tribunal de selección.

Non sendo outro o obxecto da sesión do Tribunal, levántase a presente acta, asinada polos membros presentes.

A Presidenta

D^a María Dolores Cores Liste

Vogal

D. Javier Santos González

Vogal

Manuel Suárez Bermúdez

A Secretaria

D^a. Gloria María Blanco Villares